

Ref: Arb/Frv

RESOLUCIÓN DE REINICIO DE ACTIVIDADE LABORAL DOS TRABALLADORES/AS FIXOS DESCONTINUOS (9 MESES)

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, atribúe ao órgano competente en materia forestal o deseño do operativo de extinción de incendios forestais a través do Plan de Defensa contra Incendios Forestais (Plan PLADIGA) no que se recollen as necesidades para acadar os obxectivos establecidos, correspondéndolle á Consellería do Medio Rural definir as épocas de perigo alto, medio e baixo, que condicionan a intensidade das medidas a adoptar para a defensa do territorio de Galicia.

O actual cadro de persoal laboral adscrito aos Servizos de Prevención de Incendios Forestais, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 (DOG núm. 134, do 15-07-2021) conta, entre outros, con postos cunha duración prevista de 9 meses ao ano e que na relación de postos de traballo están determinados coa observación “LABORAL FIXO-DISCONTINUO”.

En consonancia co anterior, a Dirección Xeral de Defensa do Monte, cada ano, en función das previsións meteorolóxicas e da planificación dos traballos preventivos, determina as datas de incorporación do persoal adscrito ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

Á vista do comezo da época de risco medio de incendios forestais á que se vincula, entre outras circunstancias, a necesidade de efectivos para a realización de actividades preventivas e de loita contra os incendios forestais, a Dirección Xeral de Defensa do Monte solicita que o reinicio da actividade laboral do persoal laboral adscrito aos postos de 9 meses de duración, se produza o 1 de febreiro de 2022.

En atención ao exposto, e tendo en conta a dotación orzamentaria destinada a retribuír a este persoal e o disposto no apartado 3.2 do Acordo sobre Condicións Especiais de Traballo do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia, procede realizar as actuacións precisas para que o reinicio da actividade laboral do persoal que ocupa os postos configurados na RPT como “laboral fixo-discontinuo” se produza con efectos do 1 de febreiro de 2022, e tendo en conta que a duración da prestación de servizos destes traballadores é de 9 meses ininterrompidos, a suspensión da actividade laboral devirá o 31 de outubro de 2022.

Esta Secretaría Xeral Técnica, no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e na Orde do 17.11.15, de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, e, de acordo co exposto anteriormente,

DISPÓN

O reinicio da actividade laboral do persoal cuxa categoría a continuación se indica, e que ocupan postos configurados na RPT como “laboral fixo-discontinuo” adscritos aos Servizos de Prevención de Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural con data do **1 de febreiro de 2022**, e por un período de 9 meses de acordo coas necesidades establecidas na programación deste ano para a loita contra os incendios forestais:

- BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA, grupo III, categoría 100
- BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA HELITRANSPORTADA, grupo III, categoría 100
- BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA, grupo IV, categoría 033
- BOMBEIRO/A FORESTAL ODCIF, grupo IV, categoría 041
- VIXILANTE FIXO/A DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTALS, grupo V, categoría 10b
- EMISORISTA DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTALS, grupo V, categoría 10c
- BOMBEIRO/A FORESTAL, grupo V, categoría 14
- BOMBEIRO/A FORESTAL BRIGADA HELITRANSPORTADA, grupo V, categoría 14
- BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A, grupo V, categoría 14a
- BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BRIGADA HELITRANSPORTADA, grupo V, categoría 14a

Santiago de Compostela (datado e asinado dixitalmente ao marxe).

O secretario xeral técnico

Nicolás Vázquez Iglesias

